- Tasa judicial que correspondería por interponer demanda en primera instancia: (300 € + 0.5% cuantía hasta 1.000.000 € + 0.25% cuantía que excede de 1.000.000 €) 6.050 €. **REPITO: TASA POR DEMANDAR: SEIS MIL CINCUENTA EUROS.**

- Si hubiese que recurrir en apelación (800 € + 0.5% cuantía hasta 1.000.000 € + 0.25% cuantía que excede de 1.000.000 €): 6.550 €. **REPITO: TASA POR APELAR SEIS MIL QUINIENTOS CINCUENTA EUROS.**

- Si hubiese que llegar al Tribunal Supremo en recurso de casación (1.200 € + 0.5% cuantía hasta 1.000.000 € + 0.25% cuantía que excede de 1.000.000 €): 6.950 €. **REPITO: TASA POR RECURRIR AL TRIBUNAL SUPREMO, SEIS MIL NOVECIENTOS CINCUENTA EUROS.**

Total para las tres instancias: 19.550 €. REPITO: Diecinueve mil quinientos cincuenta euros. Antes de la ley la tasa era: cero.

Es evidente el afán recaudatorio del PP, por un lado, y por otro, el de desatascar nuestros Juzgados (para lo que una vez más demuestran que tienen nula capacidad de idear verdaderas medidas que consigan desatascar nuestra justicia) con la aprobación de esta aberración, la misma ha llegado a tal punto, que con tanta prisa hasta se olvidaron de que faltaba un papelito, el famoso formulario que debe emitir el Ministerio de Hacienda para poder liquidar la tasa. Y ahora además, nos quieren vender que mientras no haya formulario, no hay tasa. ¿Cómo? Ustedes lo único que demuestran día tras día es su ignorancia y falta de respeto por el derecho y por los ciudadanos a los que representan. La falta de formulario supone que en la práctica no podrá liquidarse la tasa hasta que no exista el formulario, pero no que la misma vaya devengando desde el día de su entrada en vigor, de forma que cuando se publique el formulario deberán liquidarse todas las tasas de las demandas que se hayan ido presentando desde el día 21 de noviembre de 2012. ¿O es que acaso el Gobierno no sabe que para modificar la puesta en vigor de una ley, tan solo puede hacerlo otra ley?

Creemos de especial relevancia, hacer público y notorio nuestro rechazo a esta afrenta al estado de derecho que ha supuesto la aprobación de la ley de tasas, en este foro en el que nos encontramos hoy, porque precisamente entre nosotros se encuentra una de las personas que con su voto como miembro del Congreso de Diputados ha contribuido a privarnos de uno de nuestros derechos más fundamentales. Gracias Paz.

Por todo ello solicitamos que se tome conciencia de nuestra denuncia y si es aprobada esta moción que se de traslado a quien corresponda".

O Sr. Gonzalo Pita xustificou a urxencia polo feito de que recentemente xa entrou en vigor esta lei, que ocasionou a repulsa de xuíces e avogados e que corta o dereito a interpoñer accións xudiciais, gustándolle saber que opinan deste tema a concelleira que é diputada e que presumiblemente levantou a man para aprobar esta lei e a concelleira que é letrada.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que todos os estamentos xudiciais están en desacordo con esta lei que provoca unha discriminación entre cidadáns e que evita que se garanta unha xustiza para todos.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que propoñería ao **Grupo Municipal do Partido Popular** o voto en contra da declaración de urxencia por tratarse dunha moción de carácter demagóxico e con datos incorrectos.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a declaración de urxencia.**-----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO O REXEITAMENTO DO PROXECTO DE LEI DE TAXAS XUDICIAIS (R. DE ENTRADA NÚM. 8188, DO 26 DE NOVEMBRO DE 2012): A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””O Grupo Municipal do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**

Como sabedes estase a tramitar no Congreso dos Deputados, unha lei de Taxas Xudiciais, cúa entrada en vigor, se pretende para primeiros de ano, ou para finais deste mes de Novembro.

Este proxecto de lei, tal e como o Goberno do PP pretende que se aprobe, supón excluír da administración de Xustiza, os cidadáns que non poidan pagar. Así, de aprobarse o proxecto en trámite, pasaremos dunha Xustiza para todos, a unha Xustiza na que o cidadán só será atendido se antes pasa pola caixa.

O Proxecto de Lei de Taxas Xudiciais, que estase a tramitar, pola vía de urxencia, logrou o rexeitamento xeralizado de toda a oposición, ademais de todos os ámbitos da Xustiza, dende o funcionariado, pasando polos avogados, procuradores e xuíces. Xa dende o Consello Xeral do Poder Xudicial, advirtíuse da inconstitucionalidade do proxecto de lei, por vulnerar un dereito fundamental como é o da Tutela Xudicial Efectiva e o principio de Igualdade de todos ante a Lei.

Así, tanto os autónomos, coma os profesionais, mileuristas o calquera persoa cuio salario sexa de pouco máis de 1.000 €, terán pechadas as portas da Xustiza e terán que pagar para que un xuíz lle asista, o terá cerradas as portas da xustiza, para defender seus intereses lexítimos.

Dende o Grupo Municipal Socialista, queremos poñer o acento na motivación que leva ao Goberno do PP, co seu ministro de Xustiza como paladín da reforma, que non é a autosuficiencia da xustiza gratuíta, cousa que poderíase conquistar doutros xeitos, xestionando máis eficientemente o servizo, evitando os abusos, se non que o que se pretende é expulsar da Administración de Xustiza ás clases medias. Con esta Lei, só poderán acudir á Xustiza as grandes corporacións, as clases acomodadas e os beneficiarios

da xustiza gratuíta, que cada vez son menos, que con os novos baremos introducidos son cada vez menos cidadáns.

O proxecto de lei de Taxas Xudiciais, non é unha medida recaudatoria e, sobre todo, unha medida ideolóxica, pois para o Sr. Gallardón e o Goberno do PP, os dereitos fundamentais, son un luxo que os cidadáns deben pagar, e ademáis, caro.

En consecuencia, propoñemos que o Pleno deste Concello acorde:

1º. O rexeitamento do Proxecto de Lei de Taxas por vulnerar os dereitos fundamentais, da tutela xudicial efectiva e o principio de igualdade dos cidadáns ante a lei.

2º. Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno de España, e aos grupos políticos do Congreso e do Senado””””””.”

A Sra. Aguíñ Pombo xustificou a urxencia polo feito de que con esta lei a xustiza non é para todos, só para os ricos, sendo unha pena que noutros concellos gobernados polo Partido Popular estean en desacordo con esta norma e, en cambio aquí, poñan por enriba ao partido dos intereses dos cidadáns, destacando que haberá moita xente que non poida permitirse interpoñer unha demanda e que esta lei provoca un rexeitamento unánime de xuíces, fiscais e avogados.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, dixo que ía propoñer ao **Grupo Municipal do Partido Popular** o voto en contra da declaración de urxencia polos mesmos motivos expostos na moción anterior.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a declaración de urxencia.**-----

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE NON SE REDUZAN OS SERVIZOS PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO (R. DE ENTRADA NÚM. 8189, DO 26 DE NOVEMBRO DE 2012): A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

””””””O **Grupo Municipal Socialista**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os anos, o día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, elaboramos un manifesto, recordamos as vítimas, damos datos, constatamos que aínda queda moito por facer. As

mulleres seguen morrendo ano tras ano por este terrorismo machista, seguen sufrindo na súa vida e na dos seus fillos e fillas agresións físicas e psicolóxicas, seguen vivindo, demasiadas veces en silencio, un inferno do que é moi difícil escapar. E berramos que o machismo mata. Non obstante este ano, 2012, o berro debe ser maior, porque a violencia de xénero está a caer no esquecemento. Agora, o Goberno non condena os asasinatos, non sensibiliza, está a deixar de prestar apoio ás vítimas.

Hai un ano que o Partido Popular gañou as eleccións e España xa retrocedeu 14 postos no Índice do Foro Económico Mundial. Catorce postos que se traducen nun record de pasos atrás. Cada día as mulleres españolas teñen máis dificultades para ter un emprego, para facer compatible a súa vida laboral e familiar, para acceder á educación, a sanidade, ou a atención social, para exercer os seus dereitos sexuais e reprodutivos, para incorporarse a espazos de participación e toma de decisións.

O máis sangrante de todos estes pasos atrás é o que afecta ao dereito das mulleres a vivir sen Violencia de Xénero. No primeiro comunicado oficial da ministra responsable, Ana Mato, tratouse como "violencia no ámbito familiar" o asasinato machista dunha muller ás mans da súa parella. Acababa de empezar a marcha atrás. Fai apenas uns dez días, unha nai e un pai esnaquizados enterraron unha nena de 13 anos, cuxa proxenitora denunciara o perigo que o axexaba e non obtivo a protección suficiente, un fallo claro do sistema.

Mentres se daban estes e outros moitos gravísimos feitos, asistimos a unha serie de recortes. Os primeiros empezaron en Galicia co Goberno de Núñez Feijoo con: drásticos recortes nos orzamentos da Xunta de Galicia destinados a políticas de Igualdade de 79,5% nas accións para a igualdade protección e promoción da muller, importantes retrocesos legislativos, supresión de estruturas como o SGI ou debilitamento dos Centros de Información á Muller (CIM,S), clara perversión na execución do orzamento destinando unha boa parte a apoio de redes ultraconservadoras que traballan na contra dos dereitos das mulleres, etc. En definitiva, unha clara política regresiva que pon en perigo os avances acadados nos últimos anos na loita contra a violencia de xénero.

A todos estes recortes e retrocesos que se deron en Galicia, súmanse neste último ano outros realizados polo Goberno presidido por Rajoy Brey que mesmo ten calificado de propaganda as campañas de sensibilización social. A prevención e a sensibilización son fundamentais para conseguir a complicidade da sociedade e do ámbito, como son imprescindibles para que as mulleres poidan reunir forzas abondo e afrontar a denuncia da violencia que sofren. A prevención é o inicio do camiño para saír da violencia, e, a partir de aquí, as Administracións Públicas deben poñer en marcha todos os recursos necesarios para protexer e apoiar a súa decisión.

Dende o ano 2011 o Presuposto do Goberno do Estado para a prevención integral da violencia de xénero viuse reducido non 27%, máis de 8 millóns de euros. Nos presupostos para o 2013, mesmo o Goberno recortou nun millón de euros os Programas de asistencia social para mulleres vítimas e menores expostos á violencia. O Observatorio de Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial xa fixo unha seria advertencia: os recortes son responsables de que moitas mulleres retiren a denuncia, posto encóntranse nunha situación de desprotección tras presentala. Polo tanto, podemos afirmar que estes recortes en políticas de igualdade están a poñer en situación de risco as mulleres e, con elas, as súas fillas e os seus fillos.

O PsdeG-PSOE denuncia os significativos recortes en prevención, sensibilización e protección das mulleres, e das súas fillas e fillos, fronte á violencia de xénero, e invita ás organizacións e a outros partidos políticos a defender, de forma conxunta, que non se reduzan os presupostos e recursos necesarios para poder seguir realizando campañas de prevención, sensibilización e apoio ás mulleres; ademais, cremos imprescindible que se desenvolva un plan específico de actuacións para protexer aos e as menores fronte á violencia de xénero que sofren xunto ás súas nais.

Por todo isto, o Grupo Socialista do Concello de Sanxenxo, presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**,

situación de crise, o incremento de paro feminino e a dependencia económica esteán a provocar menos denuncias.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que votarían en contra dun asunto tan importante como este posto que entendía como lamentable os termos nos que se plantexaba a moción.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a declaración de urxencia.**-----

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO DE SANXENXO FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS (R. DE ENTRADA NÚM. 8190, DO 26 DE NOVEMBRO DE 2012): O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN SOBRE MEDIDAS DO CONCELLO DE SANXENXO FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS**, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa crise e o aumento alarmante do desemprego, centos de miles de familias están a chegar a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas. O Concello de Sanxenxo non é alleo a este fenómeno, xa que continúan a producirse cada día máis casos de familias completas con todos os seus membros no paro, familias que ven como un dos seus maiores logros, a súa vivenda, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda do inmovible. E aínda por riba de perder a vivenda, estarán expostos a unha condena financeira de por vida.

No procedemento xudicial hipotecario a vivenda pódase e a Lei de Enxuízamento Civil establece que, no caso de non presentarse poxadores, algo que acontece na maioría dos casos, o banco ou a entidade prestamista pode adxudicarse a vivenda polo 60% do valor da taxación. É dicir: non só poden quedar coa vivenda por un prezo moito menor do que se taxou ao firmar a hipoteca, senón que ademais unha boa parte da débeda mantense (unha vez descontado o valor polo que se poxou a vivenda), incrementada por grandes gastos xudiciais e honorarios profesionais. Ademais, como resultado de todo iso, aos debedores embárganselles os bens e ingresos, tanto presentes como futuros, para saldar a totalidade da débeda.

Esta lexislación, que non se aplica noutros países, era descoñecida polas familias cando rubricaron as hipotecas. Así, a situación é aínda máis grave, xa que pode considerarse que os hipotecados se viron sometidos a unha publicidade enganosa, sometidos á sobrevaloración das taxacións das vivendas e tamén, a unha linguaxe pouco doada de comprender nos contratos que firmaron.

Hoxe en día, calquera non pagamento pode supoñer o vencemento anticipado de todo o que adebedan, e nos contratos que firmaron agochábanse numerosas cláusulas abusivas, como as do só-teito, ou dos intereses moratorios, que oscilan entre o 18 e o 20 por cento.

Por todo o exposto, dende a Agrupación Socialista de Sanxenxo, considérase que se está a vulnerar un dos dereitos fundamentais dos cidadáns, o da vivenda. O artigo 47 da Constitución di que *“Todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando o uso do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”*.

A perda da vivenda tamén leva consigo a perda doutros dereitos e impide ás persoas afectadas realizarse no ámbito familiar, e profesional, e condena en moitos casos á marxinación e exclusión social.

En definitiva, a situación de desamparo na que se atopan algunhas das nosas familias, asfixiadas por unha situación laboral cada vez máis insostible e unha hipoteca froito da avidez de especuladores e entidades financeiras, é moi preocupante.

Polo tanto, faise necesario intervir con urxencia ante esta dramática situación, que levou a horrorosos desenlaces coa perda de vidas, e que coa duración prolongada desta crise inhumana, estase a agravar día a día.

Ao igual que antes noutros Concellos como Silleda ou Ares, e mentres non se cambie desde os órganos competentes estatais a lexislación sobre desafiuzamentos (recentemente sinalada incluso por instancias europeas como non garante dunha necesaria protección eficaz dos consumidores fronte a posibles cláusulas abusivas das hipotecas), desde o Concello de Sanxenxo queremos aportar as medidas necesarias no ámbito municipal para evitar que se produzan máis desafiuzamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PsdeG-PSOE de Sanxenxo, somete para a súa aprobación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno central a unha rápida e contundente modificación lexislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopan en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafiuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno Central para que adopte as medidas necesarias para evitar os desafiuzamentos no caso de vivendas en aluguer, que prevé desafiuzamentos en 10 días, co fin de mellorar a protección da cidadanía en momentos de atribucións económicas.

CUARTO.- Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española, e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.

QUINTO.- Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e o Senado.

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de SAL al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales RUEGA:

Haga las gestiones necesarias para re-acondicionar y mejorar el firme del aparcamiento de la Casa de Cultura Municipal de Dorrón (firme de zahorra compactada), que debido a la erosión provocada por la lluvia y el propio uso del mismo, se encuentra en un estado bastante inapropiado para su utilización, ya que presenta multitud de baches, socavones y roderas”””””.”

PREGUNTAS:

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 26 DE NOVIEMBRE DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 8209): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“””””D. Gonzalo Gonzalo Pita, portavoz SAL, al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula para su contestación en el pleno la siguiente PREGUNTA:

Varios vecinos de las parroquias de Adina y Dorrón nos comunicaron los numerosos defectos y fallos de construcción de las nuevas Casas Culturales Municipales de estas dos parroquias, consistentes en filtraciones de agua, humedades, carpintería tanto exterior como interior con diversos fallos en sus mecanismos, etc.

Dado que estas infraestructuras municipales llevan poco más de un año terminadas, non nos parece lógico que estén en el estado actual. Queremos creer que la empresa constructora otorgaría garantía de construcción sobre ambos edificios, por lo que en principio, esta actuación no debería suponer ningún coste para las arcas municipales.

¿Son concedores de estos desperfectos, y en su caso, tiene pensado tomar medidas para solucionar todos los defectos comentados en las Casas de Cultura Municipales de Adina y Dorrón? Si ya las ha tomado, explíquenos cuáles”””””.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que ante a solicitude de devolución do aval por parte do empresario redactouse un informe técnico no que se facían constar as deficiencias encontradas e que se lle trasladou ao contratista, indicándolle que debía reparalas e, senón, actuaría o concello con cargo ao aval.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que no seu día pediu o informe e aínda non se lle contestou, sinalando a **Sra. Alcaldesa** que o informe é de xuño e que se lle facilitará unha copia no próximo Consello da Xerencia. -----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 26 DE NOVIEMBRE DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 8191): O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“””””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das

Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**:

No ultimo pleno ordinario celebrado o pasado mes de Setembro presentamos una moción solicitando a ampliación do horario da oficina de correos sita en Portonovo, estrada da Lanzada.

Pódenos dicir se fixeron algún tipo de xestión, dende a data de aprobación da moción a data de hoxe ante, a Xefatura Provincial de Correos de Pontevedra para solucionar o tema do horario da oficina de Portonovo? En caso de ser afirmativa a resposta, pódenos detallar o tipo de xestión realizada e a solución a demanda vecinal?""""".

A **Sra. Alcaldesa** dixo que á parte de trasladar oficialmente a solicitude, se tiveron conversacións coa Xefatura Provincial e se está á espera dunha resposta, que cando chegue se facilitará aos corporativos, engadindo que parecía que existían problemas de persoal.-----

3º) O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, preguntou se o concello ten un plan de mobilidade da Policía Local para os efectos de conseguir un aforro nos custos de transporte, respondendo a **Sra. Alcaldesa** en sentido positivo e precisando que, ás veces cando aparecen dous vehículos, é que logo se destinarán a servizos distintos.O **Sr. Durán Bermúdez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, puntualizou que neste servizo se están a optimizar os recursos municipais priorizando a austeridade.-----

4º) O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, preguntou por qué o cruceiro que está nas inmediacións do SU-13 non se protexe cun valado tal e como estaba antes e que na actualidade se encontra tirado, contestando a **Sra. González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que con motivo dunha talla de árbores se derrubou o valado e logo do informe policial oportuno, xa existe un compromiso para reparalo por quenes o tiraron.-----

5º) O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, respecto duns colectores situados na rúa Progreso, baixada a Mercadona, indicou que molestaban e preguntou se era posible desprazalos, contestando o **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, que vería a situación dos colectores citados, engadindo que a ninguén lle gustaba telos preto.-----

5º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou sobre uns colectores ubicados en Noalla, dirección A Revolta, que se encontran enriba dun montículo, con posible perigo de inclinación cando se depositen os residuos, contestando o **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, que tamén estudaría a situación destes colectores.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar a **Presidenta** dá por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e quince minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe**: